

Historia Salvaxe

1809

GALICIA EN ARMAS

Eduardo Rolland



1809
GALICIA EN ARMAS

**CRÓNICA DUNHA GUERRA TERRIBLE
CONTRA OS EXÉRCITOS DE NAPOLEÓN**

Eduardo Rolland

Do texto: © 2025 Eduardo Rolland
Da edición: © 2025 Los Libros del Salvaje

Primeira edición en Los Libros del Salvaje: marzo 2025
Colección editorial: Historia Salvaxe

Título
1809. Galicia en armas

Ilustracións de cuberta e interior: Laura G. Loaisa
Ilustración de Napoleón: Agung Setiawan en Pixabay

Edición e maquetación: Fran Zabaleta

Editorial

Los Libros del Salvaje

Aldea A Pousa, 3
32816 Celanova (Ourense)

ISBN: 978-84-129435-0-4
Depósito Legal: OU 34-2025

A editorial Los Libros del Salvaje está convencida de que o *copyright* estimula a creatividade, permite aos autores vivir dignamente do seu esforzo e o seu traballo, defende a diversidade e é ferramenta fundamental para que a cultura viva e medre. Por iso, agradecemos que mercaras unha edición autorizada deste libro e que respectes as leis do *copyright* ao non reproducir, escanear nin distribuír ningunha parte desta obra por ningún medio sen permiso expreso do autor e/ou a editorial. Ao facelo, respaldas os credores e permites que Los Libros del Salvaje continúe publicando libros. Se desexas fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra, dirixete a CEDRO, o Centro Español de Dereitos Repográficos: cedro.org.

Guerreiros do mundo civilizado, aprendede todos a selo dos individuos do IV Exército que teño a dita de mandar. Cada soldado del merece con máis xusto motivo ca min o bastón que empuño. Todos somos testemuñas dun valor descoñecido ata agora... Españois, dedicádevos todos a imitar os inimitables galegos.

Proclama de Lord Wellington,
vencedor de Waterloo
4 de setembro de 1813

ÍNDICE

LIMIAR	9
1. Ventos de guerra	13
2. Xaneiro de 1809. A guerra entra en Galicia	25
3. A ocupación de Galicia	39
4. Rebelión xeral	59
5. A reconquista de Vigo	73
6. Tui e o castigo de Macaune	95
7. Da vitoria en Santiago ao encontro en Lugo	107
8. Ponte Sampaio	115
9. Para coñecer máis	127
MANIFESTO SALVAXE	131





LIMIAR

D De xaneiro a xuño de 1809, Galicia ergueuse en armas para combater un inimigo descomunal, inmenso, dous exércitos que arrasaron o país mentres vivían sobre o terreo. Podían traer as mellores ideas tras deles, pero na práctica diaria empurraron a tomar as armas a paisanos dunha punta a outra do país, ata o extremo de que moitos preferisen perder a súa propia vida antes que aturar tanta violencia. Non foi a primeira nin será a derradeira vez que acontece isto. Seguro que tes na cabeza algún conflito internacional no que alguén pensou que podía impoñer a democracia e a liberdade pola vía das armas. Case todos saíron mal. Tamén esta terrible guerra de Galicia, no ano 1809, que imos contar nesta pequena crónica dun tempo no que ardeu todo o país.

Sería bo facer unha reflexión sobre a oportunidade de celebrar uns feitos históricos que, entre as súas consecuencias, tiveron a de esmagar unha reforma liberal e máis democrática do Estado. Algúns autores afirman que con Napoleón chegaban os principios da Revolución francesa, e que os seus exércitos traían a Liberdade, a Igualdade e a Fraternidade. Pero non é tal.

Dunha banda, é difícil ver a Napoleón como unha sorte de demócrata. Nas súas formas era un tirano que, de feito, quixo impoñer unha nova dinastía imperial..., a da súa liña-xe. Doutra banda, os principios democráticos emanados de Francia xa tiñan callado en España, aínda que dun xeito tímido, a través da Ilustración. E a caída do Antigo Réxime semellaba inevitable, aínda que Fernando VII esnaquizou esas arelas de modernidade volvendo ao absolutismo, nun movemento retrógrado que por outra parte aconteceu tamén en media Europa tras a derrota napoleónica. Non esquezamos tampouco que moitos dos combatentes en Galicia, especialmente na Igrexa, representaban o Antigo Réxime, pero moitos outros participaron logo nas Cortes de Cádiz para redactar a primeira constitución liberal da historia en España. Non todos eran absolutistas nin loitaban polos privilexios do Antigo Réxime.

De calquera xeito, é absurdo caer no presentismo. Pasou o que pasou. Proclamar que, daquela, un tería loitado a prol de Napoleón é un absurdo absoluto. Non se poden xulgar feitos de hai dous séculos coa mentalidade de hoxe, porque iso significa non entender a esencia científica da historia.

Discusións á marxe, non semella boa cousa levar as mellores ideas a un territorio a sangue e lume. Os saqueos, asasinatos, violacións, roubos, delitos de todo tipo que os invasores fixeron en Galicia foron razóns dabondo para un levantamento popular, aínda que este fose animado polos sectores máis reaccionarios que, ao cabo, sacaron boa tallada do esforzo dos paisanos. De calquera xeito, o importante é que os acontecementos de 1809 conformaron unha historia

terrible, que nuns meses deixou un rastro enorme de morte e destrución.

O mellor será que sexas ti quen descubra e valore os feitos que, de seguido, narramos...



VENTOS DE GUERRA

Aquela mañá do final do outono, un frío ceo azul recibiu as tropas galegas que desfilaban polas rúas do Porto. Nas xanelas, a xente observaba con curiosidade aquel exército que, ao mando do xeneral Taranco, ocupaba a cidade sen atopar ningunha resistencia. Apenas unhas semanas antes, a familia real portuguesa fuxira de Lisboa rumbo ao Brasil, acompañada pola inmensa maioría dos nobres e altos cargos do país e levando consigo o tesouro nacional. Así que o pobo tomou aquela invasión sen moito interese, como algo practicamente natural. Ao cabo, Lisboa entregárase días antes, sen disparar unha soa bala, ás tropas do francés Junot. E agora era a quenda dos galegos, que ocupaban o norte portugués sen atopar oposición ningunha. Uns anos antes, na guerra das Laranxas, aínda combateran e conseguiran expulsar aos invasores. Pero a situación alcanzara xa uns terribles niveis de cansazo e noxo, nun mundo no que as alianzas dinásticas mudaban a cada pouco e xa non era doado distinguir amigos de inimigos.

Aquel exército galego formárase en Vigo unha semana antes. Cruzaron o Miño para invadir Portugal o 13 de decembro. Agora, tras coroar os altos da torre dos Clérigos, baixaban polo outeiro dos Aforcados divisando a beleza da Baixa, aquel fermoso

estuario lambido polas augas do río Douro. Unha ducia de barcos rabelos, coas súas velas cadradas e as longas espadelas, fondeaban cargados con barrís do viño do Porto. Unha inestable ponte provisional, formada por barcas e cables de aceiro, separaba a cidade das adegas da beira oposta. Tras inspeccionar a zona, acompañado polas poucas autoridades locais que saíron para recibilo, o xeneral Taranco tomou posesión dun palacete no centro da cidade e proclamouse gobernador do Reino de Galicia, agora con capital na cidade do Porto. Dalgún xeito, aquel día de final do outono de 1807, volvía facerse real o soño da antiga Gallaecia, primeiro provincia romana e de novo reino fincado nos confíns da cristiandade...



En menos de seis meses, nos apenas cento sesenta días que van do 1 de xaneiro ata o 9 de xuño de 1809, Galicia viviu a máis terrible das guerras da súa historia. Tres exércitos entraron polas montañas orientais para sementar a xeografía galega de sangue e lume. Dunha banda, chegaban os milleiros de soldados británicos baixo o mando do xeneral John Moore, que había morrer na Coruña. Tras deles, invadían o país os exércitos dos mariscais Soult e Ney, os máis temibles da Grande Armée de Napoleón. Fronte a estes últimos ergueuse o pobo galego en armas, nunha contenda dramática, con escenas propias dos *Desastres da guerra* que con toda crueza trazou máis tarde o pintor Francisco de Goya. Aquel ano terrible de 1809, a pantasma da violencia máis descarada arrasou o país case por casualidade, afectando a todos os homes e mulleres, cun asaño inabarcable, espallando a morte de parte a parte.

Os galegos seguían as noticias con crecente preocupación e non pouca confusión a finais de 1808, cando británicos e franceses estaban a piques de entrar no país. Seica non viñan de loitar man a man cos galos no Vístula e no Rhin? E non eran os ingleses o inimigo que, pouco antes, afundira a frota española na batalla de Trafalgar? E os portugueses, agora aliados, non foran invadidos polos propios galegos, que tomaron todas as súas fortalezas ata a cidade do Porto, apenas dous anos atrás?

Para aclarar o temor e a confusión fronte aos ventos de guerra que sopraban a finais de 1808, imos facer un breve repaso da convulsa política europea da década anterior.

A monarquía española era aliada de Francia desde que, no ano 1700, a dinastía Borbón ocupara o trono con Filipe V, neto do Rei Sol. Ao longo do século XVIII, asináronse tres Pactos de Familia que mantiveron case sempre en sintonía a Madrid con París. Pero, en 1789, a Revolución francesa puxo patas arriba esta alianza. O rei español, Carlos IV, declaroulle a guerra aos galos cando viu como, en 1793, lle aplicaban a guillotina ao pescozo do seu curmán, o rei francés Luís XVI.

Aquela guerra, que se chamou da Primeira Coalición, enfrontou a todas as monarquías europeas contra os revolucionarios. E rematou como case todas as seguintes: Francia impúxose a todas as potencias, agás ao Reino Unido, que se mantivo sempre en guerra cos galos pola súa propia conta, con aliados ou sen eles.

España, pola súa banda, asinou a paz en 1795 co Tratado de Basilea, que lle deu o título de Príncipe da Paz a Manuel Godoy, que era quen de verdade gobernaba en Madrid

como primeiro ministro do rei Carlos IV. Este era un monarca pusilánime, despreocupado dos asuntos do país, cuxo goberno deixaba nas mans do seu valido mentres el andaba coa escopeta pegando tiros, gozando da súa única gran paixón: a caza.

Un ano despois da Paz de Basilea, Godoy decidiu ir máis aló, aliouse cos franceses e declaroulle a guerra a Inglaterra co Tratado de San Ildefonso de 1796.

En 1797, os británicos, co seu poderío naval, venceron aos españois no cabo San Vicente e, tras apoderárense da illa de Menorca, someteron España ao bloqueo comercial dos seus portos.

Xusto antes do cambio de século ía irromper na escena europea o gran protagonista da época: Napoleón Bonaparte, un xeneral francés que, con apenas trinta anos, acumulaba grandes vitorias nos campos de batalla. En novembro de 1799 daba un golpe de estado e proclamábase primeiro cónsul de Francia. Partidario de espallar a revolución pola vía das armas, Napoleón convenceu en 1801 a España da necesidade de invadir Portugal. Foi a chamada «guerra das Laranxas», que recibiu este alcume porque Godoy agasallou á raíña María Luísa cunhas pólas desta árbore mentres as tropas españolas cercaban sen éxito a fortaleza lusa de Elvas. Esas gallas de laranxeira foron case todo o botín acadado, porque Portugal resistiu, aínda que perdeu a vila de Olivenza, na provincia de Badaxoz, que aínda hoxe é reclamada internacionalmente polo estado luso, que pide a súa devolución.

Tras este novo fracaso, en 1804 Napoleón volveu vencer a Godoy de embarcarse noutra guerra, nesta ocasión

contra Gran Bretaña. O resultado de semellante aventura sería a derrota na batalla naval de Trafalgar, en 1805. Os británicos arrasaron á escuadra combinada de Francia e España, destruindo os mellores buques de ambos os dous estados. Este desastre impediulle posteriormente a Napoleón calquera plan para invadir Inglaterra, xa que non contaba con forzas navais. Desde entón, o poderío francés baseouse no seu exército de terra, popular e revolucionario, a Grande Armée, dotada dunha moral e unha disciplina enormes e que esmagaba os seus inimigos en cada batalla. Con todo, o mar pasou a ser dominio dos británicos.

En 1807, os pactos entre Napoleón e Godoy obrigaron a España a enviar quince mil soldados para integrarse na Grande Armée. Neste mesmo ano de 1807, o marqués de la Romana, que dous anos despois será capitán xeneral de Galicia, estivo á fronte dun exército español de catorce mil homes que foron loitar a Dinamarca do lado de Napoleón. Neste exército serviron soldados galegos, entre eles os do Real Corpo de Artillería da Coruña.

De seguido, o Tratado de Fontainebleau, asinado entre Godoy e Napoleón o 27 de outubro de 1807, supuxo a estocada final na hábil manobra do emperador francés. Nas cláusulas deste tratado establecíase que Portugal desaparecería e sería repartida entre España e Francia. O ambicioso primeiro ministro Godoy quedaría co Algarve e o Alentejo, a zona central converteríase nun «protectorado» español e a rexión norte, do Porto ao Miño, pasaría a ser dunha rama italiana da dinastía Borbón, a cambio de que esta cedese a Napoleón os territorios de Etruria, na Toscana. Feita a «re-

partición», Carlos IV —na práctica, Godoy— aceptaba a entrada a través dos Pireneos de vinte e cinco mil soldados franceses e tres mil xinetes. Ademais, España enviaría outros tantos soldados propios a territorio luso.

Mentres as tropas ao mando de Murat penetraban como aliadas polo Bidasoa, Galicia enviou contra Portugal nesta invasión 6 168 soldados, mandados polo capitán xeneral Taranco. Nunha acción fulgurante, por inesperada, os galegos tomaron Viana do Castelo e conseguiron chegar ao Porto en só tres días, a finais de 1807.

Pero, na retagarda, non deixaban de suceder acontecementos sospeitosos. O principal foi que os vinte e cinco mil soldados franceses previstos no Tratado de Fontainebleau se converteran en máis de cento cincuenta mil. Tamaña forza militar, unida aos abusos destas tropas e á sensación xeral de desgoverno no país, levaron ao motín de Aranjuez, en marzo de 1808. Foi un gran levantamento popular que rematou co apresamento de Godoy e coa abdicación de Carlos IV no seu fillo Fernando VII, de quen se considera que foi o verdadeiro instigador desta revolta, co obxectivo de derrocar o seu pai e cinguir a coroa hispánica.

Pouco despois destes feitos, en pleno caos político, entrou o mariscal francés Murat en Madrid con vinte e cinco mil soldados, mentres en Baiona (Francia) Napoleón atopaba unha solución para desfacerse dunha familia real absolutamente incapaz: forzou a abdicación de Fernando VII e substituíu a dinastía Borbón pola Bonaparte, co ascenso ao trono do seu irmán, e o título de Xosé I. O levantamento dos veciños de Madrid, o 2 de maio, foi seguido pola batalla de Bailén, en xullo dese mesmo ano, na que partidas de

paisanos mal armados dobregaron un exército poderoso. Tras sufrir esta desfeita, os franceses retiráronse cara ao norte e o propio Napoleón decidiu tomar as rendas da situación. Deste xeito, entrou na Península e, á fronte dos seus exércitos, restituíu o goberno galo en España, esmagando cantos inimigos atopou ao seu paso.

Tras vivir anos tan conflictivos, é de entender que os ventos de guerra preocupasen, e moito, na Galicia de 1808.

En diversas poboacións, fronte á ausencia dun exército regular, fóronse formando milicias, unha sorte de exércitos improvisados, con voluntarios veteranos ou mozos case sen instrución militar.

Un xeneral español, Joaquín Blake, formou un exército galego «de oportunidade», cunha forza improvisada duns vinte e cinco mil homes sen adestramento e mal armados, que foron enviados a combater en Castela contra os franceses e que caeron derrotados na batalla de Medina de Rioseco, o 14 de xullo de 1808.

Tamén en Castela combateu o compostelán Batallón Literario, ás veces chamado Batallón Universitario de Infantería Lixeira, recrutado entre estudantes voluntarios, que formaron unha auténtica «tuna en armas». Tiñan por comandante o coronel Ignacio Armada Mondragón, a quen se nomeou «doutor en todas as facultades» da Universidade de Santiago, para que tivese tamén autoridade académica sobre os seus soldados. En total, alistáronse mil douscentos universitarios. Os alumnos de carreira tiñan a consideración de cadetes e os doutores e licenciados foron nomeados tenentes e subtenentes. Algunhas fontes calculan que, ao remate da guerra, morreran nos enfrontamentos cos fran-

ceses o noventa por cento daqueles mozos, moitos dos cales estiveron na batalla de Ponte Sampaio, que supuxo a derrota francesa e a fuxida dos exércitos de Napoleón de Galicia en xuño de 1809.

Pero, fronte á falta dun exército regrado, noutros puntos do país presentáronse tamén voluntarios, como aconteceu en Vigo, onde se creou a chamada Milicia Honrada que, no mes de xullo de 1808, tivo un éxito inesperado cando a fragata francesa Atlas entrou unha mañá na ría viguesa con todo o trapo ao vento. O navío de guerra xa estivera neste porto en 1805, cando os franceses eran aliados dos españois e o buque aliñábase na escuadra combinada de Gravina e Villeneuve que combatía contra os ingleses en Fisterra. Naquela data, o Atlas refuxiouse en Vigo para reparar os danos do combate e para que se recuperase o seu comandante, o capitán Rolland, que ía ferido. Por esta razón, Rolland e os seus homes coñecían Vigo porque viviran na vila algúns meses mentres o Atlas daba cobertura á praza. Pero, desta volta, regresaban como inimigos.

A aparición do buque provocou a alarma xeral na vila. A fragata, de setenta e catro canóns, avanzou lentamente ata fondear fronte á ribeira da Laxe. Inmediatamente, abriu fogo de artillería contra a praza, pero os vigueses comprobaron sorprendidos que aqueles canonazos non producían ningunha desfeita. Tardaron pouco en decatarse de que o Atlas estaba a lanzar, en realidade, salvadas de honra, ao crer que Vigo xa se atopaba baixo mando francés, tendo en conta que Xosé Bonaparte era o rei en Madrid. Aproveitando a confusión, mariñeiros do Berbés, Areal e Coia embarcaron nas súas lanchas, agocharon as súas armas e aproximáronse ao

navío francés, ao que rodearon. Cando o máis que inocente capitán Rolland cría recibir a un comité de benvida, atopouse co seu barco abordado e en poder do inimigo, polo que se entregou sen resistencia. Como trofeo por este éxito, os vigueses capturaron a bandeira do Atlas, que ostentaba a agúa de Napoleón e que o propio Emperador lle regalara ao navío cando a súa botadura. Este estandarte foi enviado á Xunta Suprema de Sevilla e hoxe consérvase no Museo Naval de Madrid.

Pero, á marxe destes episodios, avanzado o verán de 1808 os galegos seguen alleos á guerra que se libra na Meseta e en Portugal. É por iso que hai tempo para outros preparativos, como restablecer as relacións con Inglaterra. O 3 de agosto, unha carta desde Vigo informa á Rexencia do Reino, en Sevilla, de que a paz con Londres está a resultar beneficiosa, por canto queda reactivado o comercio coas illas británicas, paralizado polo bloqueo que a poderosa armada inglesa mantivo nestas costas mentres España era aliada de Francia. Ademais, nestas datas de 1808, a Xunta de Galicia enviou a Londres a dous deputados, os señores Freire e Manuel Sangro. Estes emisarios asinaron oficialmente a paz con Inglaterra por conta do Reino de Galicia, e non de España, do mesmo xeito que o fixeron os representantes que enviaron outros reinos, como os de Asturias ou Valencia.

A chamada guerra da Independencia foi obxecto dun intencionado abuso ideolóxico que fixo ver nela unha lección patriótica española, monárquica, militarista e dun carácter unitario do Estado. Os feitos, teimudos, veñen desmentir estas versións tan estendidas e tan cantadas por crónicas e poemas. Valla como exemplo que tanto a guerra como a di-

plomacia deberon exercelas cada rexión pola súa propia conta, sen autoridade central sólida, sen goberno, constituídas en xuntas autónomas e, a miúdo, en litixio coas demais.

Todas as cidades galegas crearon a súa xunta case ao mesmo tempo, pero a autoridade suprema asumíuna a establecida na Coruña o 30 de maio, constituída por un delegado dos rexedores de cada goberno municipal das sete provincias de Galicia. Os ingleses non tiveron máis remedio que admitir os galegos como interlocutores de si mesmos, do mesmo xeito que a cada unha das outras xuntas. Lord Canning tivo que recoñecer a Xunta de Galicia como interlocutora e os deputados Sangro e Freire obtiveron grandes éxitos en Londres. O primeiro instalouse en Inglaterra co cargo de «enviado oficial do Reino de Galicia», coa mesma consideración que un embaixador, mentres que o segundo logrou regresar con prisioneiros galegos que permanecían alí dende antigos conflitos, xunto a armamento, municións, uniformes e unha pequena fortuna dun millón de duros. Sir Arthur Wellesley, o mesmo Lord Wellington que anos máis tarde vencería a Napoleón na batalla de Waterloo, asinou un despacho o 21 de xullo de 1808 no que sinalaba o porto de Vigo como o máis axeitado para fornecer aos rebeldes, polo que comezaron a chegar regularmente á vila navíos ingleses en escala cara a Portugal. Así mesmo, o diario británico *The Times* destacou na Coruña un correspondente, Henry Crabb Robinson, cuxas crónicas recolleron cada movemento no país, centrándose sobre todo na axuda británica e o papel dos galegos na contenda, ás veces con frases tan

demoledoras como esta: «O mundo vai ser salvado polo pobo máis ignorante e fanático de Europa».

Pero o optimismo ía durar moi pouco. As noticias, cara á fin do ano, falaban dos éxitos de Napoleón, á fronte dos seus exércitos, en toda a Península. E, cara a decembro, narraban a terrible retirada das tropas británicas do xeneral Moore, que fuxían en dirección a Galicia, acosadas polos franceses, arrastrando directamente os contendentes a esta zona. Un día de decembro daquel ano de 1808, os ventos de guerra trouxeron os peores agoiros: unha inmensa escuadra, un auténtico mar de velas, fixo a súa entrada na ría de Vigo. Tratábase da frota que chegaba para embarcar o exército británico de retirada cara a Inglaterra. O fatídico ano de 1809 petaba ás portas do país traendo consigo unha terrible devastación...